

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión VI**, relativa a pretensión de ampliar as instalacións da planta de gas de Reganosa.

Exposición de Motivos

A estafa cidadá que perpetrán as empresas enerxéticas coa complicidade do goberno ronda a estas alturas a enorme cifra de 30.000 millóns de euros. Esa débeda, exemplo de débeda ilexítima, vén causada pola burbulla enerxética que os gobernos do PP non cesan de nutrir con decisións contrarias ao interese xeral. O último chanzo desa mala práctica é a pretensión de ampliar as instalacións e capacidades de regasificación da planta de Reganosa, sita no interior da ría de Ferrol, a modo de espada de Damocles que pendura sobre a vida da milleiros de persoas. A construción dun terceiro tanque de carga quen de almacenar 150.000 metros cúbicos de gas natural licuado (GNL), dun segundo brazo surtidor de buques no peirao de atraques e a dotación de outro vaporizador para duplicar a capacidade de regasificación son os elementos claves do proxecto.

Con esta pretensión, a Xunta de Galicia, socia da planta – posúe o 17,5% das accións - e asinante dun execrable convenio secreto datado no tempo da ominosa presidencia de Manuel Fraga, segue arrastrándose aos pés dos intereses privados dun grupo empresarial.

Faino desconsiderando o interese xeral, que sabe da necesidade de coidar a legalidade, a seguridade e os recursos públicos da cidadanía. Faino malia coñecer que a planta de gas de Reganosa é unha instalación ilegal (segundo sentenza do Tribunal Supremo de maio do 2012), perigosa porque ameaza a vida de miles de persoas e onerosamente superflua toda vez que nos custa preto de 60 millóns de euros anuais por déficit contable.

A demanda de gas para a xeración eléctrica e para consumo convencional está en descenso continuado desde o ano 2008. A produción anual da planta de gas de Reganosa ven diminuíndo progresivamente desde a súa posta en funcionamento (segundo consta no informe de Enagas do 2014). A ráteo de utilización da planta de Mugardos segue diminuíndo cada ano, sendo no 2014 do 28.6%.

A pesares da escasa produción de Reganosa, de que a demanda de consumo de gas non se prevé que suba e si que baixe, os promotores de Reganosa pretenden duplicar a capacidade de regasificación da planta, argumentando unha necesidade ficticia de gas para xustificar un aumento da capacidade de produción. Non hai máis motivo que acadar unha maior retribución fixa, xa que o sistema gasístico do estado español, retribúe ás empresas do sector en función da capacidade de produción outorgada, non da produción real. Aí vai a burbulla dun mercado enerxético de libre concorrência.

As empresas do sector enerxético, coa complicidade dos gobernos veñen realizando a construción de infraestruturas enerxéticas, lonxe de calquera tipo de planificación razoable, sumando unha capacidade de xeración eléctrica que duplica as necesidades do país e deberán ser pagadas pola cidadanía. Segundo estudosos do tema, o volume de beneficio do oligopolio das 5 empresas enerxéticas nos últimos 10 anos, acada os 40.000 millóns de euros.

A ampliación proposta dunha planta que xa nos leva custado ao redor de 500 millóns de euros suporía incrementar ese custe anual, que se incrementaría ao aboarse con cartos públicos a capacidade instalada, utilizada ou non. Os pretextos aducidos como é o bunkering a barcos que navegan cara as zonas ECA (zonas de control de emisións) é unha manipulación clara debido ás dúbidas que os armadores están manifestando para substituír os combustibles tradicionais polo GNL, e en calquera caso si fose exitosa no futuro esta alternativa de propulsión supoñería un maior tráfico de gaseiros cargados pola ría aumentando consecuentemente os riscos para a cidadanía.

Agasallar proxectos privados ilegais, innecesarios e perigosos é a política industrial da Xunta, a maior desmanteladora industrial no tempo do noso autogoberno autonómico. O colmo acontece cando un dos socios do grupo Tojeiro é Gas Natural-Fenosa, esa corporación que mandou construír os gaseiros en Asia, cando as gradas dos estaleiros públicos da ría de Ferrol restan en cadro.

O proxecto deixa entrever a posibilidade no futuro da navegación pola ría de Ferrol de calquera tamaño de buques gaseiros, incluíndo, supoñemos, os de tipo Q-max e Q-flex, xa que a perigosidade que agora xa supón a navegación de gaseiros cargados, calquera situación de risco en relación á marea, veríase incrementada ao navegar buques de maior tamaño. A Xunta vai por cartos públicos, ao través do INEGA, para o deseño dunha nave prototipo quen de subministrar gas a calquera embarcación.



Ínzase de novos riscos a vida cotián da cidadanía que habita a ría de Ferrol, que sofre o desprezo da Xunta e a cobiza do grupo empresarial propietario da planta.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que denegue os permisos oportunos para ampliar as capacidades de almacenamento e regasificación da planta de gas de Reganosa.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a realizar as accións oportunas para desmantelar a planta de gas de Reganosa do seu emprazamento no interior da ría de Ferrol.

En Compostela, a 16 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/04/2015 12:13:03